

Rolda final de intervención da CIG-Ensino

Seguimos denunciando os incumprimentos da Consellaría en cuestións presentadas na mesa sectorial.

Volvemos denunciar, como fixemos hai unhas semanas, a falta de seriedade por parte da Consellaría ao comprometerse, xa hai meses, a tratar certos temas na mesa sectorial e non facelo, así como de non ter resposta a varias problemáticas:

- Non se trouxo unha proposta de baremo unificado para os concursos de méritos.
- Non temos unha proposta de nova orde de permisos que incorpore e actualice permisos que xa temos en vigor e non recolle a actual normativa.
- Seguimos sen ter resposta a como considera a administración ao profesorado das extensións das EOI en canto a ser considerado ou non itinerante, como así entendemos desde a CIG-Ensino.
- O Plan de Igualdade segue parado e o tempo que resta até chegar ao ano que hai de prazo é totalmente insuficiente para manter unha negociación correcta.
- Tampouco se está a pagar de oficio as subas salariais ao reincorporarse dunha baixa médica e incluso se está a denegar dito pago ao reclamálo por vía

administrativa, algo que obriga a xudicializar un tema que xa está resolto.

- Seguimos sen información das reunións entre a Consellaría de Sanidade e a de Educación para solucionar a falta de profesorado e de aulas nos centros hospitalarios do país. Desde a administración volven anunciarnos que se está traballando na coordinación con Sanidade mediante un convenio. Pero que, por exemplo, en Vigo non ve a necesidade de incrementar profesorado. Que está pendente a de A Coruña e outras.

Comedores escolares: máis burocracia e desvalorización da FP

As recentes decisións sobre a xestión dos comedores escolares, lonxe de reducir a burocracia, impoñen unha maior carga administrativa ás direccións dos centros. Estas estarán agora obrigadas a levar un rexistro diario e detallado do alumnado usuario do servizo, e non un por trimestre como viñan facendo até agora, o que supón un incremento do traballo e das responsabilidades que deben asumir. Ademais, este novo sistema implicará unha redución dos fondos que a Consellaría transfire aos centros. A posición da CIG-ensino é clara, os comedores escolares deberían ser totalmente gratuítos para todo o alumnado.

Por outra banda, a Consellaría destina recursos considerábeis á promoción da Formación Profesional, non obstante, na práctica, desvaloriza as súas titulacións nos seus propios procesos de contratación. Un claro exemplo é a recente decisión de situar o persoal de cociña dos comedores escolares nunha nova escala na que non se require ningunha titulación específica, cando ata o de agora era imprescindible contar cun título de Técnico de Cociña ou Técnico Superior de Restauración. Este cambio constitúe un agravio para todo o profesorado e alumnado da FP que se forma especificamente para este tipo de traballos.

Oposicións: pagamento de taxas en segundas instancias

Actualmente, se por algún motivo é necesario presentar unha segunda instancia de matrícula nas oposicións, o sistema non permite facelo sen abonar novamente a taxa. A Consellaría debería habilitar a opción para achegar o xustificante do pagamento anterior ou, no seu defecto, indicar claramente na web de inscrición como proceder nestes casos sen ter que pagar dúas veces.

Inspección educativa

Queremos denunciar a actitude punitiva cara o profesorado que está tendo a inspección educativa nalgunha Dirección Territorial, en situacións de discrepancia na vida ordinaria do centro, primando o castigo sobre a resolución a través da mediación nos conflitos.

Con esta actitude amosan unha visión contraria ao que a propia administración recomenda na solución dos conflitos do alumnado.

Listas de substitucións

Solicitamos axilidade na resolución da listas que se abriron hai unhas semanas xa que hai especialidades que están esgotadas ou case, como pode ser a de Navegacións e Instalacións Mariñas e centros sen profesorado desde hai un mes, como é o caso da EOI de Pontevedra que leva sen profesorado de portugués desde o 27 de xaneiro.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal